

ANUNCIO

Con data 09/08/2024 dictouse Resolución de Alcaldía número 424/2024 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ASISTENTE/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Resultando que mediante Por Resolución de Alcaldía núm. 695/2022, do 26 de decembro, aprobáronse as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante Decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Resultando que por Resolución de Alcaldía núm. 697/2022, do 27 de decembro, aprobáronse a convocatoria e bases específicas reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Visto que ambas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 247 de 30 de decembro de 2022.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 156/2024 de data 20 de marzo, foron aprobadas as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Asistente/a Social, persoal laboral fixo ao 100 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal.

Unha vez transcorrido o prazo para subsanación de documentación, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Asistente/a Social, persoal laboral fixo ao 100 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, segundo se indica:

ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS	
APELIDOS E NOME	
1	MESIA FRAGA SOFIA
2	PEREZ PIÑON M ^a LUISA

EXCLUIDOS/AS:

Non hai aspirantes excluídos.

Segundo.- O Tribunal para o proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Asistente/a Social, persoal laboral fixo ao 100 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, está formado por:

TITULARES:

Presidente: D. Benigno Pérez García

Secretaria: Dna. Ana Velo Ruiz

Vogais:

Dna. Ángeles Fernández Fernández

Dna. M^a del Mar Antón Brage

Dna. Carmen Menéndez Ares

SUPLENTE:

Presidente: D. Jorge Vidal Zapatero

Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez

Vogais:

D. Iago Manuel Bermejo Varga

Dna. Yolanda Ares Bao

Dna. Mar López Pérez

Terceiro.- Publicar a presente listaxe no Boletín da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interponer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, M^a del Mar Antón Brage, como Secretaria Accidental, dou fe.”

Cedeira, a 12 de agosto de 2024

O Alcalde.-

Asdo. Pablo Diego Moreda Gil